

## **Panorama económico**

**1.1.- Contexto económico xeral**

**1.2.- Cadro macroeconómico**

**1.3.- Evolución demográfica**





## 1.1.- Contexto económico xeral

■ O crecemento da economía mundial no ano 2014 segue sendo desigual e moderado. A desigualdade no crecemento da actividade económica reflíctese nun repunte no crecemento das economías avanzadas en relación ao ano anterior, e nunha desaceleración das economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento.

No que respecta á economía española, esta creceu en 2014 un 1,4% (taxa de variación interanual do PIB real), un comportamento mellor que o conxunto da economía da zona euro (0,9%). En relación aos datos do exercicio anterior, cómpre salientar a achega positiva da demanda interna real (2,3 puntos), as taxas negativas de inflación media anual (-0,2%) e o mantemento de taxas de desemprego moi elevadas, a pesar da redución no último exercicio.

### Panorama económico internacional

O crecemento do PIB real da economía mundial no ano 2014 sitúase no 3,4%, segundo os datos do FMI. As taxas de crece-

mento mantéñense estables nos últimos tres anos, pero estas cifras globais agochan fortes diverxencias entre as grandes economías (EEUU- UE), así como o arrefriamento no crecemento das economías de mercados emerxentes.

O moderado crecemento da economía mundial nos últimos anos ven influído por múltiples factores, entre os que destacan os factores tendenciais, como son o envellecemento da poboación, a redución do crecemento potencial, a caída dos prezos do petróleo, así como por factores específicos de cada país como os efectos derivados da crise económica ou as fluctuacións dos tipos de cambio. Estes factores determinan tamén unhas perspectivas de crecemento da economía mundial non moi superiores ás rexistradas no ano 2014.

Tal como se sinala anteriormente, a economía mundial presenta, así mesmo, un crecemento irregular: as economías avanzadas afianzan o seu crecemento en taxas reducidas, fronte á moderación das economías



**Economía internacional 2011-14: evolución dos principais indicadores**

|                                        | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
|----------------------------------------|------|------|------|------|
| <b>Produto Interior Bruto real</b>     |      |      |      |      |
| Economía mundial                       | 4,2  | 3,4  | 3,4  | 3,4  |
| Economías avanzadas                    | 1,7  | 1,2  | 1,4  | 1,8  |
| EE.UU.                                 | 1,0  | 2,3  | 2,2  | 2,4  |
| Xapón                                  | -0,5 | 1,8  | 1,6  | -0,1 |
| Zona Euro                              | 1,6  | -0,8 | -0,5 | 0,9  |
| Alemaña                                | 3,7  | 0,6  | 0,2  | 1,6  |
| Francia                                | 2,1  | 0,3  | 0,3  | 0,4  |
| Italia                                 | 0,6  | -2,8 | -1,7 | -0,4 |
| España                                 | -0,6 | -2,1 | -1,2 | 1,4  |
| Países emerxentes e en desenvolvemento | 6,2  | 5,2  | 5,0  | 4,6  |
| China                                  | 9,3  | 7,8  | 7,8  | 7,4  |
| India                                  | 6,6  | 5,1  | 6,9  | 7,2  |
| <b>Demanda interna real total</b>      |      |      |      |      |
| Economías avanzadas                    | 1,4  | 0,8  | 1,0  | 1,8  |
| EE.UU.                                 | 1,6  | 2,2  | 1,9  | 2,5  |
| Xapón                                  | 0,4  | 2,6  | 1,9  | 0,1  |
| Zona Euro                              | 0,7  | -2,3 | -0,9 | 0,8  |
| Alemaña                                | 3,1  | -0,8 | 0,8  | 1,3  |
| Francia                                | 2,0  | -0,3 | 0,2  | 0,7  |
| Italia                                 | -0,6 | -5,5 | -2,5 | -0,7 |
| España                                 | -2,7 | -4,2 | -2,7 | 2,3  |
| <b>Gaño en consumo privado</b>         |      |      |      |      |
| Economías avanzadas                    | 1,4  | 1,0  | 1,4  | 1,7  |
| EE.UU.                                 | 2,3  | 1,8  | 2,4  | 2,5  |
| Xapón                                  | 0,3  | 2,3  | 2,1  | -1,2 |
| Zona Euro                              | 0,2  | -1,3 | -0,7 | 1,0  |
| Alemaña                                | 2,3  | 0,6  | 0,9  | 1,2  |
| Francia                                | 0,5  | -0,4 | 0,2  | 0,6  |
| Italia                                 | 0,0  | -3,9 | -2,9 | 0,3  |
| España                                 | -2,0 | -2,9 | -2,3 | 2,4  |
| <b>Gaño en consumo público</b>         |      |      |      |      |
| Economías avanzadas                    | -0,6 | 0,4  | 0,1  | 0,8  |
| EE.UU.                                 | -2,7 | -0,6 | -1,3 | 0,4  |
| Xapón                                  | 1,2  | 1,7  | 1,9  | 0,3  |
| Zona Euro                              | -0,2 | -0,1 | 0,3  | 0,7  |
| Alemaña                                | 0,7  | 1,2  | 0,7  | 1,1  |
| Francia                                | 1,0  | 1,7  | 2,0  | 1,9  |
| Italia                                 | -1,8 | -1,2 | -0,3 | -0,9 |
| España                                 | -0,3 | -3,7 | -2,9 | 0,1  |
| <b>Formación bruta de capital</b>      |      |      |      |      |
| Economías avanzadas                    | 2,9  | 1,8  | 1,1  | 2,7  |
| EE.UU.                                 | 3,7  | 5,3  | 2,7  | 3,9  |
| Xapón                                  | 1,4  | 3,4  | 3,2  | 2,5  |
| Zona Euro                              | 1,6  | -3,7 | -2,5 | 1,0  |
| Alemaña                                | 7,5  | 0,0  | -0,5 | 3,4  |
| Francia                                | 2,1  | 0,3  | -1,0 | -1,6 |
| Italia                                 | -1,9 | -9,3 | -5,8 | -3,3 |
| España                                 | -6,3 | -8,1 | -3,8 | 3,4  |

(consulta: 15-04-2015)

Fuente: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

**1.1.1.a.**





## Economía internacional 2011-14: evolución dos principais indicadores (cont.)

|                                               | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
|-----------------------------------------------|------|------|------|------|
| <b>IPC (medias anuais)</b>                    |      |      |      |      |
| <b>Economías avanzadas</b>                    | 2,7  | 2,0  | 1,4  | 1,4  |
| EE.UU.                                        | 3,1  | 2,1  | 1,5  | 1,6  |
| Xapón                                         | -0,3 | 0,0  | 0,4  | 2,7  |
| Zona Euro                                     | 2,7  | 2,5  | 1,3  | 0,4  |
| Alemaña                                       | 2,5  | 2,1  | 1,6  | 1,8  |
| Francia                                       | 2,3  | 2,2  | 1,0  | 0,6  |
| Italia                                        | 2,9  | 3,3  | 1,3  | 0,2  |
| España                                        | 3,1  | 2,4  | 1,5  | -0,2 |
| <b>Países emerxentes e en desenvolvemento</b> |      |      |      |      |
| China                                         | 5,4  | 2,6  | 2,6  | 2,0  |
| India                                         | 9,4  | 10,2 | 10,0 | 6,0  |
| <b>Produtividade laboral (1)</b>              |      |      |      |      |
| <b>Economías avanzadas</b>                    | 1,7  | 0,5  | 1,3  | 2,1  |
| EE.UU.                                        | 0,8  | 1,0  | 1,9  | 2,1  |
| Xapón                                         | -1,8 | 0,4  | 0,2  | 3,5  |
| Zona Euro                                     | 2,6  | -0,6 | 0,1  | 0,4  |
| <b>Taxa de desemprego</b>                     |      |      |      |      |
| <b>Economías avanzadas</b>                    | 8,0  | 8,0  | 7,9  | 7,3  |
| EE.UU.                                        | 8,9  | 8,1  | 7,4  | 6,2  |
| Xapón                                         | 4,6  | 4,3  | 4,0  | 3,6  |
| Zona Euro                                     | 10,1 | 11,3 | 12,0 | 11,6 |
| Alemaña                                       | 5,9  | 5,4  | 5,2  | 5,0  |
| Francia                                       | 9,2  | 9,8  | 10,3 | 10,2 |
| Italia                                        | 8,4  | 10,6 | 12,2 | 12,8 |
| España                                        | 21,4 | 24,8 | 26,1 | 24,5 |

(1) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

(consulta: 15-04-2015)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

### ■ 1.1.1.b.

emerxentes e dos países exportadores de petróleo.

As economías avanzadas mostran no ano 2014 un crecemento do 1,8%, fundamentado na vigorosa recuperación dos EEUU, na fráxil recuperación da zona euro e na contracción da economía xaponesa. Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna real total das economías avanzadas expándese un 1,8%, en relación ao ano anterior, consecuencia dun incremento do consumo privado (1,7%), en menor medida tamén do consumo público (0,8%) e do incremento do investimento do 2,7%.

**Estados Unidos** presenta un crecemento vigoroso do PIB real, que se sitúa no 2,4%, impulsado polo crecemento do consumo, favorecido pola creación de emprego, polos menores prezos do petróleo e polo aumento da confianza dos consumidores. A taxa de

paro situouse no 6,2%, 1,2 puntos porcentuais inferior á rexistrada en 2013, e os niveis de inflación mantéñense estables favorecidos polos menores prezos da enerxía.

A actividade produtiva de **Xapón** contraeuse de xeito profundo como consecuencia dos efectos do incremento do imposto sobre o consumo implantado en abril de 2014. A demanda interna mantívose en taxas próximas a cero, consecuencia dunha baixada do consumo privado (-1,2%) e dun investimento que desacelera o seu crecemento, acadando o 2,5% no ano 2014 fronte ao 3,2% do ano 2013.

O crecemento das economías de **mercados emerxentes** e en desenvolvemento no seu conxunto modérase, situándose en 2014 no 4,6%, catro décimas menos que no ano anterior. En concreto a actividade económica modérase nas economías emerxentes de



Europa, afectadas pola debilidade da zona euro así como pola recesión rusa.

Por outra banda, os mercados emerxentes da rexión de Asia e Pacífico seguen sendo os de maior crecemento a escala mundial, pero a súa actividade desacelerouse levemente no ano 2014 ata o 5,6%, fronte ao 5,9% rexistrado no ano 2013. En China o crecemento caeu ata o 7,4%, cunha forte desaceleración do investimento. Finalmente, a economía da India afianza o seu crecemento, apuntalada polas reformas políticas, polas elevadas taxas de investimento e pola redución dos prezos do petróleo.

O crecemento en **América Latina e Caribe**, un ano máis, desacelérase ata o 1,3%. A súa economía vese lastrada pola contracción dos mercados internacionais de materias primas e polos efectos da redución dos prezos do petróleo nos países exportadores.

A **zona euro** presenta no ano 2014 un crecemento do 0,9%, un lixeiro dinamismo positivo favorecido polos baixos prezos do petróleo e polas favorables condicións financeiras, pero na economía da zona euro, tal como sinala o informe de abril do FMI, persisten os riscos derivados do mantemento dun crecemento e dunha inflación baixos.

A atonía do investimento na zona euro, excepto en Irlanda, España e Alemaña, debilita a actividade económica na área, unha atonía derivada da incertidume política, das tensións xeopolíticas e das condicións crediticias restritivas. O FMI prevé un crecemento do 1,5% en 2015 para a euro zona, favorecido polas medidas do BCE e pola persistencia dos baixos prezos do petróleo.

No continente europeo, o crecemento é máis sólido nas economías avanzadas europeas non pertencentes á zona euro. Así, o Reino Unido presenta taxas de crecemento

do 2,6%, que se prevé sexas sostidas en anos posteriores, e Suecia rexistra unha recuperación vigorosa, con taxas de crecemento superiores ao 2%, baseadas en taxas de crecemento do consumo e do investimento de dous díxitos.

Na zona euro, a atonía da actividade de grandes economías como Francia (0,4%) ou Italia (-0,4%) convive co impulso do investimento que activa o crecemento en Alemaña (1,6%), Irlanda (4,8%) ou España (1,4%).

Na zona euro no ano 2014 prodúcese un incremento en termos interanuais da demanda interna real do 0,8% rompendo a tendencia dos anos 2012 e 2013, motivado polo maior consumo privado (1% mais que no ano anterior) e polo crecemento da formación bruta de capital nun 1% (-2,5% no ano 2013).

Tal como se sinalou anteriormente, un dos riscos para o crecemento da actividade económica na zona euro é a persistencia das taxas baixas de inflación. Neste senso, o nivel xeral de inflación acadou no ano 2014 o 0,4% na zona euro, entrando en terreo negativo en países como España (-0,2%). O baixo nivel xeral de inflación é consecuencia da atonía da actividade económica así como da baixada nos prezos do petróleo. As medidas do BCE, así como as perspectivas de repunte da actividade económica na zona euro, fan prever un aumento no nivel xeral de inflación.

O nivel xeral de inflación diminúe nas economías avanzadas no ano 2014, como consecuencia do abaratamento do petróleo, da caída do prezo das materias primas e do debilitamento da demanda dunha serie de países. No que respecta ao prezo do petróleo, o **cadro 1.1.2.** mostra a evolución dende o ano 2008 do prezo de entrega do petróleo Brent. Dende o último trimestre do ano 2014 o prezo do petróleo baixa en torno a




Prezo do barril de Brent 2008-2014



Fonte: US Energy Information Administration

### 1.1.2.

Tipo de cambio do euro 2005-14



Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

### 1.1.3.

un 45%, como consecuencia da debilidade da actividade económica mundial que ten como resultado a contracción da demanda de petróleo, unida ao aumento da oferta, consecuencia do aumento sostido da produción nos países que non pertencen á OPEP, en especial EEUU, e a decisión que a OPEP tomou en novembro de 2014 de manter os

niveis de produción, pese á forte caída no prezo.

En relación ás consecuencias da dita evolución da actividade económica sobre o emprego, a moderación do crecemento das economías avanzadas, reflectida na evolución do PIB real, reflíctese nunha tamén



Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2011-14 e previsións para 2015

|               | PIB                       |      |      |      |      | Inflación media (1)       |      |      |      |      | Desemprego |      |      |      |      | Déficit Público (2)       |       |       |      |      |
|---------------|---------------------------|------|------|------|------|---------------------------|------|------|------|------|------------|------|------|------|------|---------------------------|-------|-------|------|------|
|               | 2011                      | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2011                      | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2011       | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2011                      | 2012  | 2013  | 2014 | 2015 |
|               | (taxa de variación anual) |      |      |      |      | (taxa de variación anual) |      |      |      |      | (%)        |      |      |      |      | (taxa de variación anual) |       |       |      |      |
| Bélxica       | 1,6                       | 0,1  | 0,3  | 1,0  | 0,9  | 3,4                       | 2,6  | 1,2  | 0,5  | 0,9  | 7,2        | 7,6  | 8,4  | 8,5  | 8,4  | -3,9                      | -4,1  | -2,9  | -3,0 | -2,8 |
| Bulgaria      | 2,0                       | 0,5  | 1,1  | 1,7  | 0,6  | 3,4                       | 2,4  | 0,4  | -1,6 | 0,4  | 11,3       | 12,3 | 13,0 | 11,6 | 11,4 | -2,0                      | -0,5  | -1,2  | -3,6 | -3,7 |
| Rep. Checa    | 2,0                       | -0,8 | -0,7 | 2,0  | 2,7  | 2,1                       | 3,5  | 1,4  | 0,4  | 1,4  | 6,7        | 7,0  | 7,0  | 6,1  | 6,2  | -2,9                      | -4,0  | -1,3  | -1,4 | -2,1 |
| Dinamarca     | 1,2                       | -0,7 | -0,5 | 1,0  | 1,7  | 2,7                       | 2,4  | 0,5  | 0,3  | 1,1  | 7,6        | 7,5  | 7,0  | 6,6  | 6,6  | -2,1                      | -3,9  | -0,7  | -1,0 | -2,3 |
| Alemaña       | 3,6                       | 0,4  | 0,1  | 1,6  | 1,1  | 2,5                       | 2,1  | 1,6  | 0,8  | 1,2  | 5,8        | 5,4  | 5,2  | 5,0  | 5,1  | -0,9                      | 0,1   | 0,1   | 0,2  | 0,0  |
| Estonia       | 8,3                       | 4,7  | 1,6  | 2,1  | 2,0  | 5,1                       | 4,2  | 3,2  | 0,5  | 1,6  | 12,3       | 10,0 | 8,6  | 7,4  | 7,1  | 1,0                       | -0,3  | -0,5  | -0,4 | -0,6 |
| Irlanda       | 2,8                       | -0,3 | 0,2  | 4,8  | 3,6  | 1,2                       | 1,9  | 0,5  | 0,3  | 0,9  | 14,7       | 14,7 | 13,1 | 11,3 | 9,6  | -12,6                     | -8,0  | -5,7  | -3,7 | -2,9 |
| Grecia        | -8,9                      | -6,6 | -3,9 | 0,8  | 2,9  | 3,1                       | 1,0  | -0,9 | -1,4 | 0,3  | 17,9       | 24,5 | 27,5 | 26,5 | 25,0 | -10,1                     | -8,6  | -12,2 | -1,6 | -0,1 |
| España        | -0,6                      | -2,1 | -1,2 | 1,4  | 1,7  | 3,1                       | 2,4  | 1,5  | -0,2 | 0,5  | 21,4       | 24,8 | 26,1 | 24,5 | 23,5 | -9,4                      | -10,3 | -6,8  | -5,6 | -4,6 |
| Francia       | 2,1                       | 0,3  | 0,3  | 0,4  | 0,7  | 2,3                       | 2,2  | 1,0  | 0,6  | 0,7  | 9,2        | 9,8  | 10,3 | 10,2 | 10,4 | -5,1                      | -4,9  | -4,1  | -4,4 | -4,5 |
| Croacia       | -0,3                      | -2,2 | -0,9 | -0,4 | 0,2  | 2,2                       | 3,4  | 2,3  | 0,2  | 0,6  | 13,7       | 16,0 | 17,3 | 17,0 | 17,7 | -7,7                      | -5,6  | -5,2  | -5,6 | -5,5 |
| Italia        | 0,6                       | -2,8 | -1,7 | -0,4 | 0,6  | 2,9                       | 3,3  | 1,3  | 0,2  | 0,5  | 8,4        | 10,7 | 12,1 | 12,7 | 12,6 | -3,5                      | -3,0  | -2,8  | -3,0 | -2,7 |
| Chipre        | 0,3                       | -2,4 | -5,4 | -2,3 | 0,4  | 3,5                       | 3,1  | 0,4  | -0,3 | 0,7  | 7,9        | 11,9 | 15,9 | 16,1 | 15,8 | -5,8                      | -5,8  | -4,9  | -3,0 | -3,0 |
| Letonia       | 5,0                       | 4,8  | 4,2  | 2,4  | 2,9  | 4,2                       | 2,3  | 0,0  | 0,7  | 1,8  | 16,2       | 15,0 | 11,9 | 10,8 | 10,2 | -3,4                      | -0,8  | -0,9  | -1,1 | -1,2 |
| Lituania      | 6,1                       | 3,8  | 3,3  | 2,9  | 3,1  | 4,1                       | 3,2  | 1,2  | 0,2  | 1,3  | 15,4       | 13,4 | 11,8 | 10,7 | 10,4 | -9,0                      | -3,2  | -2,6  | -1,2 | -1,4 |
| Luxemburgo    | 2,6                       | -0,2 | 2,0  | 2,4  | 2,4  | 3,7                       | 2,9  | 1,7  | 0,7  | 2,1  | 4,8        | 5,1  | 5,9  | 6,0  | 6,2  | 0,3                       | 0,1   | 0,6   | 0,2  | -0,4 |
| Hungría       | 1,8                       | -1,5 | 1,5  | 3,6  | 2,5  | 3,9                       | 5,7  | 1,7  | 0,0  | 2,5  | 11,0       | 11,0 | 10,2 | 7,7  | 7,8  | -5,5                      | -2,3  | -2,4  | -2,9 | -2,8 |
| Malta         | 2,3                       | 2,5  | 2,7  | 3,5  | 2,9  | 2,5                       | 3,2  | 1,0  | 0,8  | 1,5  | 6,4        | 6,3  | 6,4  | 5,9  | 6,1  | -2,6                      | -3,7  | -2,7  | -2,5 | -2,6 |
| Países Baixos | 1,7                       | -1,6 | -0,7 | 0,8  | 1,4  | 2,5                       | 2,8  | 2,6  | 0,3  | 0,8  | 4,4        | 5,3  | 7,3  | 7,4  | 6,8  | -4,3                      | -4,0  | -2,3  | -2,5 | -2,1 |
| Austria       | 3,1                       | 0,9  | 0,2  | 0,3  | 1,2  | 3,6                       | 2,6  | 2,1  | 1,5  | 1,7  | 4,2        | 4,3  | 5,4  | 5,4  | 5,4  | -2,6                      | -2,3  | -1,5  | -2,9 | -1,8 |
| Polonia       | 4,8                       | 1,8  | 1,7  | 3,3  | 2,8  | 3,9                       | 3,7  | 0,8  | 0,1  | 1,1  | 9,7        | 10,1 | 10,3 | 9,0  | 9,3  | -4,9                      | -3,7  | -4,0  | -3,4 | -2,9 |
| Portugal      | -1,8                      | -3,3 | -1,4 | 0,9  | 1,3  | 3,6                       | 2,8  | 0,4  | -0,2 | 0,6  | 12,9       | 15,8 | 16,4 | 14,1 | 13,6 | -7,4                      | -5,5  | -4,9  | -4,9 | -3,3 |
| Rumanía       | 1,1                       | 0,6  | 3,4  | 2,9  | 2,4  | 5,8                       | 3,4  | 3,2  | 1,4  | 2,1  | 7,2        | 6,8  | 7,1  | 6,8  | 6,9  | -5,5                      | -3,0  | -2,2  | -2,1 | -2,8 |
| Eslovenia     | 0,6                       | -2,6 | -1,0 | 2,6  | 1,7  | 2,1                       | 2,8  | 1,9  | 0,4  | 1,0  | 8,2        | 8,9  | 10,1 | 9,8  | 9,2  | -6,2                      | -3,7  | -14,6 | -4,4 | -2,9 |
| Eslovaquia    | 2,7                       | 1,6  | 1,4  | 2,4  | 2,5  | 4,1                       | 3,7  | 1,5  | -0,1 | 0,7  | 13,7       | 14,0 | 14,2 | 13,2 | 12,8 | -4,1                      | -4,2  | -2,6  | -3,0 | -2,6 |
| Finlandia     | 2,6                       | -1,4 | -1,3 | -0,1 | 0,6  | 3,3                       | 3,2  | 2,2  | 1,2  | 1,3  | 7,8        | 7,7  | 8,2  | 8,7  | 8,5  | -1,0                      | -2,1  | -2,4  | -2,9 | -2,6 |
| Suecia        | 2,7                       | -0,3 | 1,3  | 2,1  | 2,4  | 1,4                       | 0,9  | 0,4  | 0,2  | 1,2  | 7,8        | 8,0  | 8,0  | 7,9  | 7,8  | -0,1                      | -0,9  | -1,3  | -2,4 | -1,8 |
| Reino Unido   | 1,6                       | 0,7  | 1,7  | 2,6  | 2,7  | 4,5                       | 2,8  | 2,6  | 1,5  | 1,6  | 8,1        | 7,9  | 7,6  | 6,1  | 5,7  | -7,6                      | -8,3  | -5,8  | -5,4 | -4,4 |
| Zona Euro     | 1,6                       | -0,8 | -0,5 | 0,9  | 1,1  | 2,7                       | 2,5  | 1,4  | 0,4  | 0,8  | 10,1       | 11,3 | 12,0 | 11,6 | 11,3 | -4,1                      | -3,6  | -2,9  | -2,4 | -2,4 |
| UE-28         | 1,7                       | -0,5 | 0,0  | 1,3  | 1,5  | 3,1                       | 2,6  | 1,5  | 0,6  | 1,0  | 9,6        | 10,5 | 10,9 | 10,2 | 10,0 | -4,5                      | -4,2  | -3,2  | -3,0 | -2,7 |


(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB

Fonte: EUROSTAT e Comisión Europea

## 1.1.4.

### Débeda pública nas economías europeas 2008-14 (1)



(1) débeda pública como porcentaxe do PIB

Fonte: EUROSTAT

## 1.1.5.





## Plan Nacional de Reformas de España 2014: áreas prioritarias e eixos de actuación

| Áreas prioritarias                                              | Eixos de actuación                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|-----------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Saneamento fiscal diferenciado e favorecedor do crecemento.     | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Reforma tributaria</li> <li>2. Mellora da eficiencia e calidade do gasto</li> <li>3. Mellora da gobernanza económica.</li> </ol>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| Restablecer as condicións normais de préstamo á economía.       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Fomentar o crecemento e a competitividade actual e futura.      | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aumentar a flexibilidade da economía: Lei de desindexación da economía española.</li> <li>2. Entorno favorable aos emprendedores. (Plan de Racionalización Normativa. Axilización de expedientes, apoio ao emprendemento...)</li> <li>3. Capital humano.</li> <li>4. Innovación e as novas tecnoloxías.</li> <li>5. Funcionamento competitivo dos mercados. (Energía, Transporte e infraestruturas, Sector agroalimentario...)</li> <li>6. Crecemento respectuoso co medio ambiente e loita contra os efectos do cambio climático.</li> </ol> |
| Loitar contra o desemprego e as consecuencias sociais da crise. | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Mercado de traballo e políticas activas de emprego.</li> <li>2. Inclusión social.</li> </ol>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Modernizar a administración pública.                            | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Racionalización e eliminación de duplicidades.</li> <li>2. Transparencia e confianza nas institucións</li> <li>3. Administración xudicial</li> </ol>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |

### ■ 1.1.6.

moderada redución da taxa de desemprego, seis décimas menor que no ano 2013 (7,3% en 2014). Esta taxa media oculta grandes diferenzas entre países, xa que mentres en Xapón se sitúa no 3,6% e en EEUU no 6,2%, nos países da zona euro sitúase no ano 2014 no 11,6%, máis de 4 puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. As taxas de paro máis elevadas seguen rexistrándose en Grecia e España, cun 26,5% e 24,5% respectivamente, e as máis reducidas en Alemaña, cun 5% segundo datos da Comisión Europea (**cadro 1.1.4.**).

### Panorama económico de España

A evolución das variables macroeconómicas en España mostra indicios de recuperación no ano 2014. Neste senso, o Plan Nacional de Reformas do Reino de España (PNR) correspondente ao ano 2014 ten dúas grandes liñas de actuación: afondar nas reformas e

favorecer a recuperación económica e a creación de emprego. As medidas recollidas no PNR 2015, como é habitual, agrúpanse en cinco áreas prioritarias e sentan as bases para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020: consolidación fiscal; restablecemento do financiamento á economía; reformas estruturais; afrontar o desemprego e as consecuencias sociais da crise; e a modernización da Administración Pública (**cadro 1.1.6.**).

No ano 2014 apréciase paulatinamente a mellora da actividade económica, rexistrando no cuarto trimestre a taxa de variación interanual do PIB máis elevada dende o segundo trimestre de 2008. No ano 2014 o PIB encadea catro trimestres consecutivos de crecemento económico.

No que respecta ás taxas de variación intertrimestrais, xa positivas nos dous últimos trimestres do ano 2013, continúan a ten-



dencia no ano 2014, con taxas positivas nos catro trimestres do ano, acadando a maior variación no cuarto trimestre.

No conxunto do ano 2014, o produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española experimentou un crecemento do 1,4%, cando no ano 2013 o PIB contraíase nun 1,2% en relación ao ano anterior. O **cadro 1.1.7.** amosa o crecemento na actividade produtiva no conxunto do Estado, con variacións cada vez máis positivas: 0,6% no primeiro trimestre, 1,2% no segundo, e 1,6% e 2% no terceiro e cuarto trimestre.

A contribución da demanda interna ao crecemento do PIB rexistrado no ano 2014 é de 2,2 puntos, fronte á contribución negativa do ano 2013 (-2,7 puntos). Pola contra, a contribución ao crecemento do PIB por parte da demanda exterior é negativa, en 0,8 puntos.

No que respecta aos compoñentes da demanda interna, tanto o consumo final como a formación bruta de capital fixo rexistraron taxas de variación positivas sendo, desde un punto de vista sectorial, o investimento no sector da construción o único compoñente da demanda interna que mostrou un comportamento negativo.

Respecto ao gasto en consumo final, salienta o forte impulso do gasto en consumo final dos fogares así como a estabilización en taxas próximas a cero do consumo das Administracións Públicas, con taxas positivas do 2,4% e do 0,1%, respectivamente. Os datos trimestrais amosan como o gasto en consumo final se sitúa en taxas de variación interanuais positivas nos catro trimestres do ano, sendo cada vez maiores a medida que avanza o ano, situándose no 2,4% no último trimestre. Cómpre destacar a evolución seguida polo consumo privado, que no cuarto trimestre presenta unha medra do 3,4%.

A formación bruta de capital fixo (FBCF) no conxunto do ano rexistrou un incremento real do 3,4%, mentres que o ano anterior rexistrou un descenso do 3,8%. Como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.8.**, esta vigorosa recuperación explícase fundamentalmente pola evolución da FBCF en bens de equipo e activos cultivados (12,2%), mostrando tamén taxas positivas a FBCF en activos fixos inmateriais (2,5%). A FBCF na construción segue sendo negativa, pero moderando a súa caída con taxas de variación interanuais en torno ao -1,5%, fronte ao -9,2% do ano anterior.

Tanto as exportacións como, en maior media, as importacións de bens e servizos presentan un crecemento medio en relación ao ano anterior, con taxas de variación interanual de 4,2% e 7,6%, respectivamente. Os datos trimestrais mostran en todo o ano 2014 un aporte negativo da demanda exterior ao crecemento do PIB, moderándose nos últimos trimestres do ano. As exportacións de bens e servizos presentan un crecemento no ano 2014 unha décima inferior ao do ano 2013. No caso dos bens obsérvase una desaceleración de 1,2 puntos porcentuais, acadando o 4,5% (5,7% no ano 2013), fronte ao crecemento das exportacións de servizos que acada o 3,3%, fronte ao 0,9% do ano anterior.

As taxas de variación interanual das importacións, tanto de bens como de servizos, aceleran de xeito notable o seu crecemento no ano 2014, acadando taxas de variación superiores ao 7% en ámbolos dous casos.


A análise do cadro macroeconómico de España, dende o lado da oferta, mostra que a industria, a construción e os servizos presentan un comportamento mellor que o rexistrado no exercicio 2013, mentras que as ramas primarias rexistran taxas de crecemento, aínda que positivas no conxunto do






## PIB en Galicia e España 2008-14 (1): evolución

### Taxa de variación interanual



### Taxa de variación intertrimestral



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionales e de calendario (consulta: 02-03-2015)

Fonte: INE, Contabilidad regional de España. Base 2010 e IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008

## 1.1.7.



PIB en España 2013-14: distribución segundo as súas compoñentes (1)

|                                             | 2013 | 2014 | 2013                            |       |      |      | 2014 |      |      |      |
|---------------------------------------------|------|------|---------------------------------|-------|------|------|------|------|------|------|
|                                             |      |      | I                               | II    | III  | IV   | I    | II   | III  | IV   |
|                                             |      |      | (taxas de variación interanual) |       |      |      |      |      |      |      |
| <b>Gasto en consumo final</b>               | -2,4 | 1,8  | -4,0                            | -3,2  | -2,2 | -0,3 | 1,1  | 1,8  | 2,1  | 2,4  |
| Gasto en consumo final dos fogares          | -2,3 | 2,4  | -3,8                            | -3,1  | -2,2 | -0,1 | 1,3  | 2,3  | 2,8  | 3,4  |
| Gasto en consumo final das ISFLSH           | -0,1 | 1,0  | -0,7                            | -0,4  | 0,0  | 0,6  | 0,7  | 0,7  | 0,8  | 1,8  |
| Gasto en consumo final das AA.PP.           | -2,9 | 0,1  | -4,5                            | -3,6  | -2,4 | -1,1 | 0,3  | 0,3  | 0,3  | -0,5 |
| <b>Formación bruta de capital fixo</b>      | -3,8 | 3,4  | -6,3                            | -5,5  | -2,6 | -0,5 | 0,8  | 3,9  | 3,9  | 5,1  |
| Activos fixos materiais                     | -4,2 | 3,6  | -7,0                            | -6,4  | -2,6 | -0,5 | 0,7  | 4,3  | 3,9  | 5,5  |
| Construción                                 | -9,2 | -1,5 | -7,4                            | -11,4 | -9,7 | -8,3 | -7,4 | -0,7 | 0,1  | 2,4  |
| Bens de equipo e activos cultivados         | 5,6  | 12,2 | -6,2                            | 3,4   | 11,4 | 14,7 | 15,8 | 12,9 | 10,2 | 10,3 |
| Productos da propiedade intelectual         | -1,3 | 2,5  | -2,3                            | -0,0  | -2,7 | -0,3 | 1,8  | 1,7  | 3,4  | 3,1  |
| <b>Variación de existencias (2)</b>         | -0,0 | 0,2  | 0,3                             | 0,3   | -0,1 | -0,1 | 0,3  | 0,2  | 0,3  | -0,1 |
| <b>Demanda interna (2)</b>                  | -2,7 | 2,2  | -4,3                            | -3,5  | -2,4 | -0,5 | 1,2  | 2,3  | 2,6  | 2,7  |
| <b>Exportacións de bens e servizos</b>      | 4,3  | 4,2  | -0,0                            | 7,3   | 4,9  | 5,1  | 6,4  | 1,0  | 4,5  | 4,7  |
| Exportacións de bens                        | 5,7  | 4,5  | 0,0                             | 10,4  | 6,9  | 5,8  | 6,7  | 0,8  | 5,5  | 5,3  |
| Exportacións de servizos                    | 0,9  | 3,3  | -0,3                            | 0,2   | 0,3  | 3,3  | 5,7  | 1,6  | 2,4  | 3,4  |
| <b>Importacións de bens e servizos</b>      | -0,5 | 7,6  | -7,3                            | 1,3   | 0,5  | 3,8  | 9,4  | 4,9  | 8,6  | 7,7  |
| Importacións de bens                        | 0,4  | 7,8  | -8,3                            | 2,3   | 2,1  | 5,7  | 10,1 | 4,8  | 8,7  | 7,5  |
| Importacións de servizos                    | -4,7 | 7,0  | -2,0                            | -3,9  | -7,4 | -5,2 | 5,9  | 5,4  | 7,8  | 8,7  |
| <b>PIB a prezos de mercado</b>              | -1,2 | 1,4  | -2,2                            | -1,7  | -1,0 | 0,0  | 0,6  | 1,2  | 1,6  | 2,0  |
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 15,6 | 3,3  | 5,3                             | 21,9  | 17,2 | 18,4 | 10,3 | 1,6  | 5,3  | -3,4 |
| Industria                                   | -1,8 | 1,5  | -3,3                            | -2,4  | -0,9 | -0,5 | 0,5  | 1,9  | 1,5  | 2,1  |
| Construción                                 | -8,1 | -1,2 | -8,8                            | -9,6  | -8,0 | -6,0 | -6,2 | -1,7 | 0,0  | 3,4  |
| Servizos                                    | -1,0 | 1,6  | -1,5                            | -1,6  | -1,1 | 0,0  | 0,9  | 1,4  | 1,7  | 2,3  |
| <b>Impostos netos sobre os produtos</b>     | -1,5 | 0,6  | -2,9                            | -1,5  | -1,1 | -0,6 | -0,0 | 0,5  | 1,1  | 1,0  |

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fuente: INE, Contabilidad trimestral nacional de España. Base 2010

## 1.1.8.

ano 2014, moito menores que as do ano 2013.

O valor engadido das ramas industriais presenta un crecemento do 1,5%, fronte ás taxas de variación negativas rexistradas no ano 2013 (-1,8%). Por outra banda, e en coherencia coa evolución da demanda de activos da construción, a evolución do valor engadido deste sector mellora significativamente e, aínda que con taxas de variación interanuais negativas (-1,2%), modera a súa caída (-8,1% no ano 2013).

Os servizos melloran o seu valor engadido, acadando taxas de variación positivas do 1,6% fronte ás taxas negativas do 1% do ano anterior. A mellora no valor engadido do sector servizos esténdese a todas as ramas

de actividade, agás os servizos de información e comunicación.

As ramas primarias rexistran unha variación positiva do 3,3% no seu valor engadido, lonxe das taxas de crecemento próximas ao 16% do ano 2013.

Asemade, cómpre salientar que no ano 2014 o índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo, industriais e de custos laborais unitarios mellora tanto fronte á zona euro como á UE-28 e aos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.9.**).

Tendo en conta a evolución do emprego e da actividade económica, a produtividade aparente por traballador permanece case cons-





## Índices de competitividade de España 2008-14 <sup>(1)</sup>

|      | Fronte á zona euro    |                        |                               | Fronte á UE-28        |                        |                               | Fronte a novos países industrializados de Asia <sup>(2)</sup> |                        |
|------|-----------------------|------------------------|-------------------------------|-----------------------|------------------------|-------------------------------|---------------------------------------------------------------|------------------------|
|      | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo                                         | Con prezos industriais |
|      | (base 1999 = 100)     |                        |                               |                       |                        |                               |                                                               |                        |
| 2008 | 109,9                 | 108,3                  | 117,9                         | 109,3                 | 108                    | 115,7                         | 128,0                                                         | 120,1                  |
| 2009 | 109,4                 | 108,0                  | 114,6                         | 110,4                 | 109,2                  | 114,6                         | 121,3                                                         | 114,5                  |
| 2010 | 110,0                 | 108,7                  | 113,3                         | 110,0                 | 109                    | 112,2                         | 111,1                                                         | 103,7                  |
| 2011 | 110,4                 | 109,8                  | 111,4                         | 110,2                 | 110                    | 110,4                         | 110,1                                                         | 106,9                  |
| 2012 | 110,3                 | 110,6                  | 105,8                         | 109,6                 | 110,1                  | 104,4                         | 100,2                                                         | 99,6                   |
| 2013 | 110,6                 | 110,8                  | 103,7                         | 110,2                 | 110,7                  | 102,8                         | 101,2                                                         | 100,7                  |
| 2014 | 109,8                 | 110,5                  | 102,4                         | 109,2                 | 110,1                  | 101,3                         | 99,3                                                          | 98,8                   |

(1) a caída no Índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

### 1.1.9.

## Distribución funcional da renda en España 2013-14

|                                                  | 2013 | 2014 | 2013                            |      |      |      | 2014 |      |      |      |
|--------------------------------------------------|------|------|---------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|
|                                                  |      |      | trimestres                      |      |      |      |      |      |      |      |
|                                                  |      |      | I                               | II   | III  | IV   | I    | II   | III  | IV   |
|                                                  |      |      | (tasas de variación interanual) |      |      |      |      |      |      |      |
| PIB (1)                                          | -0,6 | 0,9  | -1,4                            | -0,7 | -0,7 | 0,5  | 0,0  | 0,8  | 1,4  | 1,4  |
| Remuneración de asalariados                      | -2,3 | 1,4  | -4,7                            | -3,9 | -2,2 | 1,8  | -0,3 | 1,5  | 1,8  | 2,4  |
| Custo laboral unitario                           | -0,4 | -0,5 | -1,6                            | -1,3 | -0,6 | 2,0  | -1,1 | -0,3 | -0,3 | -0,1 |
| Remuneración por asalariado                      | 1,7  | -0,2 | 0,5                             | 1,0  | 1,4  | 3,8  | -0,1 | 0,0  | -0,3 | -0,5 |
| Productividade por traballador                   | 2,1  | 0,2  | 2,2                             | 2,3  | 2,0  | 1,8  | 1,1  | 0,2  | 0,0  | -0,4 |
| Taxa de asalarización                            | -0,7 | 0,4  | -0,9                            | -1,0 | -0,6 | -0,2 | 0,2  | 0,5  | 0,4  | 0,5  |
| Excedente bruto de explotac. / Renda mixta bruta | 0,1  | -0,1 | 1,4                             | 0,5  | 0,1  | -1,7 | -0,7 | 0,3  | 0,2  | -0,2 |
| Impostos netos produción e importacións          | 5,8  | 3,2  | 3,4                             | 11,1 | 3,8  | 4,7  | 5,6  | -0,9 | 4,5  | 3,7  |

(1) PIBpm, prezos correntes; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)

Fonte: INE, *Contabilidad trimestral nacional de España. Base 2010*

### 1.1.10.

tante, rexistrando un aumento só do 0,2%. Tal e como amosa o **cadro 1.1.10.**, a remuneración por asalariado experimentou un descenso do 0,2% en relación ao ano anterior, descendendo os custos laborais unitarios un 0,5% pese ao aumento na remuneración de asalariados do 1,4%.

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo o pago de salarios aos traballadores, despois dun incremento medio anual do 0,1% en 2013, presenta no ano 2014 un descenso medio anual do 0,1%. Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións increméntanse un 3,2%, incremento menor ao rexistrado no ano anterior.

O crecemento da actividade económica reflíctese no aumento da creación de emprego a unha taxa interanual do 1,2%, reducíndose as taxas de paro estimado e rexistrado no 7,3% e 5,6%, respectivamente. En 2014 aumenta o número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e o número de sociedades mercantís creadas en relación ao ano anterior, en ámbolos dous casos un 0,8%.

O número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España aumenta no ano 2014 un 1,4% e a poboación ocupada segundo a EPA en, aproximadamente, 205.000 persoas ocupadas máis en relación ao ano anterior.



## Mercado de traballo en Galicia e España 2013-14

|                                                     | Galicia                         |       | España |       |
|-----------------------------------------------------|---------------------------------|-------|--------|-------|
|                                                     | 2013                            | 2014  | 2013   | 2014  |
|                                                     | (taxas de variación interanual) |       |        |       |
| PIB (1)                                             | -1,0                            | 0,4   | -1,2   | 1,4   |
| Emprego                                             |                                 |       |        |       |
| Afiliados en alta na Seguridade Social              | -3,1                            | 0,5   | -3,3   | 1,6   |
| Ocupación                                           | -4,0                            | -0,8  | -3,1   | 1,2   |
| Paro estimado                                       | 4,4                             | -3,1  | 3,9    | -7,3  |
| Paro rexistrado                                     | 2,0                             | -6,9  | 2,6    | -5,6  |
| Regulación do emprego                               |                                 |       |        |       |
| Traballadores afectados por expedientes autorizados | -22,6                           | -43,9 | -15,9  | -58,5 |
| Desenvolvemento empresarial                         |                                 |       |        |       |
| Empresas inscritas Seguridade Social (2)            | -1,8                            | 0,2   | -0,2   | 0,8   |
| Sociedades mercantis creadas (3)                    | 3,2                             | -0,2  | 7,1    | 0,8   |

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, base 2008 (consulta: 26-02-2015); datos 2013 e 2014 son avances

(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón

(3) datos 2014 son provisionais

Fonte: IGE, INE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

### 1.1.11.

O número de persoas desempregadas estimadas pola EPA redúcese en 440.000 e as persoas paradas rexistradas a 31 de decembro de 2014 son en torno a 254.000 menos que na mesma data do ano anterior. Malia esta redución no número de desempregados, as taxas de desemprego continúan en niveis moi elevados, acadando o 23,5%, unha taxa que a nivel europeo só está por debaixo da taxa de desemprego grega.

No ano 2014, descende moi significativamente o número de empresas afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contratos ou reducións de xornadas, pasando de 21.228 expedientes abertos no ano 2013 a 10.630 no ano 2014, cunha caída do 58,5% no número de traballadores afectados polos ditos expedientes.

En conclusión, a evidente melloría nos datos macroeconómicos da economía española, reflectida no retorno ao crecemento positivo, reduce pero non elimina os riscos derivados dos desequilibrios que persisten na economía. En concreto, os elevados niveis de débeda interna e externa significan un risco real para o crecemento e a estabilidade

financeira, xunto aos alarmantes niveis de desemprego que persisten a pesar da redución no último ano.

### Panorama económico da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.861 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.391.421 habitantes, case 37.000 menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 125,7 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-28, a eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie e o 1,3% da súa poboación.

En termos de PIB per cápita (**cadro 1.1.12.**), comparando os datos das dúas rexións, no ano 2013, este indicador de converxencia acada en Galicia o 87% da media UE-28=100, vinte e tres puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal.

No concernente ao emprego, a poboación activa en Galicia é de 1.274.000 persoas no ano 2014 e é de case 1.835.000 persoas a







### Principais indicadores da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

|                               |                            |          | Eurorrexión | Galicia   | Rexión Norte | UE-28       |
|-------------------------------|----------------------------|----------|-------------|-----------|--------------|-------------|
| <b>Superficie</b>             | (en Km <sup>2</sup> )      |          | 50.860,7    | 29.574,8  | 21.285,9     | 4.439.549,0 |
| <b>Poboación de dereito</b>   | (miles de persoas)         | 01/01/14 | 6.391.421   | 2.747.226 | 3.644.195    | 506.913.394 |
| <b>Densidade de poboación</b> | (habs. / km <sup>2</sup> ) | 01/01/13 | 125,7       | 92,9      | 171,2        | 114,2       |
| <b>Poboación ocupada</b>      |                            |          |             |           |              |             |
| Sector primario               |                            |          | 7,9         | 6,6       | 8,7          | 4,4         |
| Industria                     | (%)                        | 2014     | 21,5        | 15,4      | 25,3         | 17,5        |
| Construción                   |                            |          | 6,9         | 6,7       | 7,1          | 6,8         |
| Servizos                      |                            |          | 63,4        | 71,2      | 58,3         | 71,3        |
| <b>Desemprego</b>             |                            |          |             |           |              |             |
| Total                         |                            |          | 17,6        | 21,7      | 14,8         |             |
| Longo prazo (1)               | (%)                        | 2014     | 11,4        | 11,6      | 10,4         |             |
| Feminino                      |                            |          | 18,4        | 21,7      | 16,1         |             |
| Mozos (menores de 25 anos)    |                            |          | 39,8        | 48,5      | 35,7         |             |
| <b>PIBpm</b>                  | (millóns de €)             | 2013     |             | 55.839    | 48.668       | 13.519.751  |
|                               |                            | 2012     | 105.007     | 56.797    | 48.210       | 13.425.649  |
|                               |                            | 2011     | 106.190     | 56.193    | 49.997       | 13.173.517  |
| <b>PIB per cápita</b>         | (%, UE-28=100)             | 2013     |             | 87        | 64           | 100         |
|                               |                            | 2012     |             | 90        | 62           | 100         |
|                               |                            | 2011     |             | 90        | 63           | 100         |

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE-Portugal, INE, IGE e EUROSTAT

## 1.1.12.

poboación activa residente na rexión norte de Portugal. A taxa de actividade das dúas zonas é do 53,8% e do 58,9%, respectivamente.

A ocupación no ano 2014 na eurorrexión ascendeu a 2,56 millóns de persoas (o 40% da poboación total), dos que o 63,4% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 21,5% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 7,9% e o 6,9%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,2% das persoas ocupadas fronte ao 58,3% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 25,3% e o

15,4%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 6,6% da ocupación total en Galicia fronte ao 8,7% no norte de Portugal.

No ano 2014 Galicia reduce a súa taxa de paro, mantendo, sen embargo, unha rateo superior tanto á media europea como á rexistrada no Norte de Portugal. A taxa de paro en 2014 acada en Galicia o 21,7%, fronte ao 14,8% na rexión portuguesa. O desemprego dos menores de 25 anos resulta especialmente preocupante en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 48,5%, fronte ao 35,7% no norte de Portugal e o 39,8% na eurorrexión. □



